



GALIZA CON DEREITOS

TRABALLO, IGUALDADE, SALARIOS DIGNOS

O 10 de Marzo é o **DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA**, que desde a CIG chamamos a conmemorar cunha xornada de mobilización en todas as comarcas para reivindicar, con 12 medidas, **TRABALLO, IGUALDADE E SALARIOS DIGNOS NUNHA GALIZA CON DEREITOS**.

Reclamamos as loitas protagonizadas pola clase traballadora galega en 1972, durante as que foron asasinados en Ferrol, pola policía franquista, os traballadores da antiga Bazán, Amador e Daniel. Loitas que comezaron en Ferrol no mes de marzo, e que meses despois se estenderon a Vigo, por mellores condicións de traballo e por defender a negociación colectiva en Galiza.

Todos os indicadores públicos sobre a realidade laboral e social reflicten un empeoramento dos empregos e perda de poder adquisitivo dos salarios. Cada día é máis a precariedade e a pobreza laboral, a desigualdade, a fenda de xénero e a desprotección social.

Ter traballo non implica acceder a dereitos básicos como alimentación e a vivenda, nomeadamente entre a xente nova e as mulleres.

Esta realidade laboral é resultado das reformas laborais aprobadas polos gobernos, utilizando o diálogo social para branquealas, onde o capital avanza a súa axenda, cun papel entregado á desmobilización de CCOO e UGT.

Na Galiza, o impacto negativo de todo isto multiplícase polo Goberno do PP que aproveita estas políticas

españolas para levalas máis lonxe. Con formas antidemocráticas e autoritarias impón un deseño ao servizo das grandes corporacións empresariais que veñen espoliar os nosos recursos, reforzando o papel de colonia de Galiza.

Un Goberno que busca reforzar a dependencia económica e política galega ao sistema centralista español, mentres agonizan máis sectores produtivos e a desertización social e industrial é maior, así como a emigración e o avellentamento da poboación.

Nesta realidade, cuestiónase o noso dereito a negociar e decidir en Galiza os nosos convenios colectivos para termos mellores condicións de traballo e salarios dignos.

Recoñecer este dereito é poder democratizar a negociación colectiva ante a permanente centralización en convenios estatais negociados por cúpulas sindicais sen a participación das persoas traballadoras.

Está na nosa man e na nosa capacidade de organización sindical e loita frearmos este retroceso e precariedade que representa a fórmula perversa de neoliberalismo-diálogo social-estatalización.

Debemos confrontar esta situación ante os gobernos e ante a patronal, desde o convencemento de que as políticas favorábeis para a clase traballadora e para o pobo galego non son concesión bondadosa dos gobernos nin nacen do diálogo social. Os dereitos conquístanse loitando.

Mobilización 10 de marzo

SON TEMPOS DE LOITA

Compostela: 19.30h, Praza Roxa



10 DE MARZO
DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA



CIG

Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal